

O acto foi adoptado polo Servicio de Xestión Tributaria da Delegación Territorial de Lugo en aplicación dos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, ante o servizo sinalado no parágrafo anterior, con enderezo na Ronda da Muralla nº 70-1ª, en horario das 9 ás 14 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Lugo, 9 de setembro de 2002.

Gonzalo Vázquez Rivas
Delegado territorial de Lugo

ANEXO

Interesada: Novo Morales, Beatriz (33347011-R); Rda. das Fontiñas 95, 6º B Lugo.

Procedemento: imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; acordo de imposición de sanción; expte. 111/02-Z; liquidación nº 000020000780.

Anuncio do 9 de setembro de 2002, da Delegación Territorial de Lugo, polo que se relaciona un requirimento de documentación pendente de notificar e se empraiza o interesado que se sinala para ser notificado por comparecencia (Rodríguez Fernández, José).

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónase un requirimento de documentación pendente de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo Servicio de Xestión Tributaria da Delegación Territorial de Lugo en aplicación do artigo 35 da Lei xeral tributaria.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, ante o servizo sinalado no parágrafo anterior, con enderezo na Ronda da Muralla nº 70-1ª, en horario das 9 ás 14 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Lugo, 9 de setembro de 2002.

Gonzalo Vázquez Rivas
Delegado territorial de Lugo

ANEXO

Interesado: Rodríguez Fernández, José (33780966-S); Ig. Santa Comba 9, Lugo.

Procedemento: imposto sobre sucesións e doazóns; expte. 1650/2001.

Anuncio do 9 de setembro de 2002, da Delegación Territorial de Lugo, polo que se relaciona un requirimento de documentación pendente de notificar e se empraiza o interesado que se sinala para ser notificado por comparecencia (Rojo García, José).

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónase un requirimento de documentación pendente de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo Servicio de Recadación da Delegación Territorial de Lugo en aplicación do artigo 35 da Lei xeral tributaria.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, ante o servizo sinalado no parágrafo anterior, con enderezo na Ronda da Muralla nº 70-1ª, en horario das 9 ás 14 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Lugo, 9 de setembro de 2002.

Gonzalo Vázquez Rivas
Delegado territorial de Lugo

ANEXO

Interesado: Rojo García, José (33321887-Q); Sancobade 138, Vilalba (Lugo).

Procedemento: requirimento para outorgamento de escritura.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Resolución do 11 de setembro de 2002 pola que se aproba o plan de utilización dos espazos portuarios de Sada (A Coruña).

O ente público Portos de Galicia, en cumprimento do artigo 15.2º da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, redac-

tou o plan de utilización dos espazos portuarios de Sada (A Coruña), en marzo de 2002.

Seguindo o indicado na Lei 27/1992, o citado plan de utilización dos espazos portuarios foi tramitado polo ente público Portos de Galicia. Como resultado da tramitación do expediente, o dito plan foi modificado en xullo de 2002.

En reunión do consello de administración do ente público Portos de Galicia, celebrada o día 18 de xullo de 2002, e en cumprimento do disposto no artigo 13 e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público Portos de Galicia, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, acordouse da-la súa conformidade ó plan de utilización dos espazos portuarios de Sada e elevalo e propolo para a súa aprobación ós órganos competentes da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Visto o expediente e o informe-proposta dos técnicos da área de explotación e planificación de Portos de Galicia, así como o acordo do consello de administración do ente público Portos de Galicia dando a conformidade ó plan de utilización dos espazos portuarios de Sada e acordando elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

O conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, polas competencias que lle confire a Lei 5/1994, de creación do ente público Portos de Galicia, e o Decreto 227/1995, polo que se aproba o seu regulamento, así como o artigo 15.2º da Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante 27/1992.

Resolve aproba-lo plan de utilización dos espazos portuarios de Sada (A Coruña) redactado en xullo de 2002 pola área de explotación e planificación de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2002.

José Cuíña Crespo
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Resolución do 23 de setembro de 2002 pola que se anuncia -trámite de urxencia- a licitación do concurso aberto das subministracións de clave SC/02/034.8 e catro máis.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Estradas.

2. Obxecto de cada contrato.

a) Descrición do obxecto: adquisición de catro (4) vehículos turismo comerciais gasóleo, encadrados no grupo E, para as delegacións provinciais da Coru-

ña, Ourense e Pontevedra, dependentes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, da Xunta de Galicia.

Número do expediente: SC/02/034.8.

Orzamento base de licitación: corenta e tres mil novecentos cincuenta e tres euros con setenta e seis céntimos (43.953,76 euros).

División por lotes e número: non hai.

Lugar de entrega: ver punto 13 do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

Prazo de entrega: 1 mes.

b) Descrición do obxecto: adquisición dun (1) vehículo furgón combi de 6 prazas gasóleo, encadrado no grupo E, para a Delegación Provincial da Coruña, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, da Xunta de Galicia.

Número do expediente: SC/02/035.8.

Orzamento base de licitación: dezaseis mil oitocentos dezanove euros con dezanove céntimos (16.819,19 euros).

División por lotes e número: non hai.

Lugar de entrega: ver punto 13 do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

Prazo de entrega: 1 mes.

c) Descrición do obxecto: adquisición dun (1) furgón combi de 9 prazas gasóleo, encadrado no grupo E para a Delegación Provincial de Lugo, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, da Xunta de Galicia.

Número do expediente: SC/02/036.8.

Orzamento base de licitación: dezaioito mil cento vintenoventa euros con dezanove céntimos (18.129,19 euros).

División por lotes e número: non hai.

Lugar de entrega: ver punto 13 do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

Prazo de entrega: 1 mes.

d) Descrición do obxecto: adquisición dun (1) camión gasóleo con caixa basculante e guindastre axustado para o Servicio Provincial de Estradas de Lugo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, da Xunta de Galicia.

Número do expediente: SC/02/042.8.

Orzamento base de licitación: cincuenta mil euros (50.000 euros).

División por lotes e número: non hai.

Lugar de entrega: ver punto 14 do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.